

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 30/01/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> – transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 30/01/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23 de xaneiro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/0259

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L., para a instalación de sistema de calefacción de pellets, para a Casa de Cultura de Castragudín, por un importe total de 8.863,25€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0260

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Digamel Arousa SLU, para o subministro de 100 luminarias led para a súa reposición no alumeado público, por un importe total de 2.964,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0261

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local

acorda aprobar o orzamento presentado por Inelsa Electricidad, SLU, para a reparación das placas solares situadas no tellado do Concello, por un importe total de 1.463,29€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-213

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0165

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cesar Paz, S.L. para a fornación de cuberta no local do ANPA do CEIP CARRIL, por un importe total de 20.908,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4405

Dáse conta do recurso dealzada presentado polo Club Olímpic Vilagarcía contra o acordo do Consello Reitor en sesión de data 24/10/2022, da concesión de subvencións, segundo as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado, exercicio 2022, correspondente á tempada 2020/2021 ou ano 2021. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Xestora/Administrativa da Fundación de Deportes, acorda desestimar o citado recurso, dado o incumprimento das bases da convocatoria de subvencions, posto que, presenta a parte da documentación de subsanación "fora de prazo" e o certificado da Federación Galega de Taekwondo, fai constar que non tivo actividade federada, e aínda que presentan a tramitación de licenzas o apartado 6.3 sinala que "As licenzas federativas (Nº total de deportistas de cada categoría, establecidas pola súa federación), aspecto último que non cumpre o Clube Olímpia Vilagarcía, na tempada 2020/2021.

PRP2023/0187

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando autorización para a realización das seguintes actividades:

- 4ª Edición de "Mercar na Rúa" o sábado 4 de marzo de 2023, na Praza de Galicia, en horario de 10:00 a 20:00 horas, e en caso de choiva o día 11 ou 18 de marzo, no mesmo lugar e horario, así como a cesión de carpas, mesas, puntos de luz).

- 17ª Feira de Oportunidades "Expoferta Zona Aberta 2023", os días 4, 5 e 6 de agosto de 2022 na Praza da II República, sendo necesaria a ocupación do 1 ata o 7 de agosto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local e ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Electricidade.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/0257

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2022, por un importe total de 8.270,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1000,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1000,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	---	x 110,00 €	650,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1000,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00 €	---	x 110,00 €	260,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
TOTAL					8270,00 €

PRP2023/0258

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de decembro de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/0233

Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 4º trimestre do ano 2022:

Mes de outubro: 51.947,28

Mes de novembro: 55.234,74 €

Mes de decembro: 57.165,13 €

Regularizacións dos períodos 01/01/2022-31/03/2022 01/04/2022- 30/06/2022

01/07/2022-30/09/2022= -11.022,66

Total nómina neta 4º trimestre:153.324,49

Regularizacións outras incidencias: proxecto anual de S.S (descontar 3.272,61)= -3.272,61

Total devengado: 150.051,88€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2023/0243

Dáse conta da proposta da Concelleira de Promoción económica e Concelleiro de Alumeado Público para aprobar a memoria valorada para a mellora da iluminación no Parque Empresarial de Trabanca Badiña e solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación financiamento con cargo á orde do 14 de decembro de 2022, pola que se regulan as bases para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas encamiñadas á habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-Aprobar a Memoria valorada redactada polo Enxeñeiro Técnico don Óscar Álvarez González denominada “Mellora das infraestruturas viarias do Poligono Empresarial de Trabanca Badiña (Alumeado Público)”, cun importe de licitación de 67.409,92 € (IVE engadido), con cargo á partida 1530-22108.

2-Solicitar a Consellería de Economía, Industria e Innovación, ó abeiro das bases de axudas para investimento na mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, publicadas no Diario Oficial de Galicia número 1, do 2 de xaneiro de 2023, unha subvención nos seguintes termos:

a) Solicitar unha subvención por importe de 53.927,94 € (80% do orzamento da memoria valorada).

b) Colaborar no financiamento da inversión cunha achega municipal de 13.481,98 € (20% do orzamento da memoria valorada).

PRP2023/0191

Dase conta que na data 19 de decembro de 2022 tivo lugar a Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a

Federación Galega de Municipios e Provincias, para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CEMIT, na devandita comisión propúxose o mantemento da consideración como aula de referencia a aula CEMIT do Concello Vilagarcía para o ano 2023, coas consecuencias inherentes a tal condición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0192

Dase conta da resolución da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, donde acórdase aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Vilagarcía de Arousa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3) polo importe de 285.948,56€ para a contratación de 30 traballadores/as nas categorías laborais que se relacionan, correspondendo unha aportación municipal de 198.598,45 €:

Xornada completa durante 10 meses :

- 12 peóns axudantes albaneis
- 8 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 peón condutor/a operador/a de retroescavadora

Xornada completa durante 9 meses:

- 3 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as
- 4 peóns instaladores/as electricistas
- 1 peón fontaneiro/a
- 1 peón axudante mantedor/a de instalacións deportivas

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0262

Dáse conta de escrito da Consellería de Emprego e Igualdade autorizando o mantemento provisional do Servizo de Orientación Laboral subvencionado ao abeiro da orde do 23 de decembro de 2021, que remataba a súa vixencia o 31/01/2023 e ata a data de resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2023, que se atopaba pendente de publicación no DOG, se ben esta autorización non xerará dereitos de cara á resolución da mesma. Se unha vez publicada a orde da convocatoria de axudas para o exercicio, se constata que a entidade non reúne os requisitos establecidos na mesma para a obtención desta axuda, procederase á revogación da citada autorización e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido desde a data de finalización do período subvencionado anterior, e dicir, dende o 31 de xaneiro de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0274

En sesión de 6 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de redacción de proxecto para a instalación de placas de enerxía fotovoltaica na cuberta da paza de abastos de Vilagarcía de Arousa, dirección de obra, coordinación de seguridade saúde, xestión de punto de acceso e conexión coa empresa distribuidora e realización do certificado de cargas dos paneis na cuberta da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa á Empresa VERTIA INGENIERÍA S.L., por importe de 3.980,90 € IVE incluído, con cargo á partida 4312.22799, de conformidade coa oferta presentada. Presentado por parte da adxudicataria o antedito proxecto e solicitada a supervisión do mesmo

polo arquitecto municipal Juan José Rodríguez Cuiña, este emitiu informe favorable. Tendo en conta o acordo da XGL de 22 de xuño de 2022, o proxecto presentado pola empresa e o informe favorable de supervisión emitido polo arquitecto municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto presentado pola empresa VERTIA INGENIERÍA, S.L. para "Instalación fotovoltaica de autoconsumo colectivo en zona do Mercado Municipal de Vilagarcía de Arousa e de dous cargadores en Edificios Municipais de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 114.536,54 € (IVE incluído)

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0236

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para a VI edición do Festival Internacional de Música clasclás, organizado polo Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLOS 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP N° 208 do 31 de outubro de 2022) enmarcado na Base I do Capítulo III: Gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, etc (liña 2) 2023 para "Gastos derivados da celebración do VI Festival Internacional de Música clasclás polo importe de 30.000,00 € e cun orzamento de gastos de 30.500,00 €

PRP2023/0238

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para o Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP N° 208 do 31 de outubro de 2022) enmarcado na liña 2, capítulo III, base 1ª: gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos..., para "Gastos de limpeza e aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música por un importe de 18.181,00 €, cun orzamento de 19.000,00€"

PRP2023/0263

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención para a Escola Municipal de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS)2023 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP N° 208 do 31 de outubro de 2022) enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos..., para "Limpeza Escola Municipal de Música por un importe de 9.500,00 €"

- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo: Limpeza Escola Municipal de Música - Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2023)

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/0247

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Xuventude para aprobar o gasto da II Edición do Concurso de Decoración sostible de Nadal:

1º Na XGL do 21 de novembro de 2022, aprobouse un orzamento estimativo de 1950 € en concepto de premios da II Edición do Concurso de Decoración Sostible de Nadal:

1200€ estimativo Premio Participación

150€ Premio Popular

600€ Premios a determinar polo xurado (desglosado en 1º, 2º e 3º premio)

2º Estimábase unha participación de 16 colexios polo que o orzamento estimativo era de 1200€ neste apartado, pero finalmente participaron 13 centros educativos co cal destinábase a este apartado un total de 975€.

3º.1 Segundo a acta do Xurado, dada conta na XGL do 16/01/23, resultaron premiados os seguintes colexios nas seguintes categorías e cos seguintes puntos:

Primeiro premio	26,50 puntos	CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO
Segundo premio	26,05 puntos	EEL DE ARALDE SOBRÁN
Terceiro premio	25,20 puntos	Colexio MECOS-BATA

3º.2 Segundo o informe emitido polo responsable das RRSS do concello e dando conta na XGL do 16/01/23, que contabilizou, no período habilitado, os votos do premio popular e que resultou ser:

Premio Popular	688 votos	CEIP O PIÑEIRIÑO
----------------	-----------	------------------

4º Pola distancia dalgúns centros educativos ao Auditorio, onde se desenvolveron as actividades, estimouse unha cantidade estimada de 1300€ para a realización de ditos traslados. Finalmente, realizáronse menos traslados porque participaron menos centros educativos que os contemplados inicialmente, polo que a empresa de transportes presenta unha facturación de 720€(Ive engadido) con cargo á partida 2314-22624.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º: A adxudicación dos premios que otorga a Concellería de Xuventude (conforme as bases arpbadas na XGL do 21/11/22), aos seguintes centros educativos, que consistirá nun lote de libros, a cada centro educativo por valor de 75 € e se distribúe do seguinte xeito:

CENTRO EDUCATIVO	IMPORTE	LIBRERÍA
CENTRO EDUCACIÓN ESPECIAL. CIF.: Q8655035G	75€	NOBEL (Espazo do lector SL Rúa Edelmiro Trillo, nº 19. Vilagarcía. CIF.:B36164820
EEL SOLOBEIRA CIF.: Q8655319E	75€	NOBEL (Espazo do lector SL Rúa Edelmiro Trillo, nº 19.CP.: 36600 Vilagarcía. CIF.:B36164820
EEL ARALDE (SOBRÁN) CIF.:Q8655566A	75€	NOBEL (Espazo do lector SL Rúa Edelmiro Trillo, nº 19. CP.: 36600 Vilagarcía. CIF.:B36164820
EEL DE VILAR (BAMIO) CIF.:Q8655204I	75€	NOBEL (Espazo do lector SL Rúa Edelmiro Trillo, nº 19. CP.: 36600 Vilagarcía. CIF.:B36164820
CEIP AREALONGA CIF.:Q8655492J	75€	FOLLAS NOVAS (Follas Novas Arousa Libros SL Rúa Montero Ríos, 50 baixo 15701, Stgo. De Compostela. CIF.: B70523808
CEIP AREALONGA-VAGALUME CIF.: Q8655492J	75€	FOLLAS NOVAS (Follas Novas Arousa Libros SL Rúa Montero Ríos, 50 baixo 15701, Stgo. De Compostela. CIF.: B70523808
CEE BATA-OS MECOS CIF.: G36105567	75€	FOLLAS NOVAS (Follas Novas Arousa Libros SL Rúa Montero Ríos, 50 baixo 15701, Stgo. De Compostela. CIF.: B70523808
CEIP O PIÑEIRIÑO CIF.: Q8655320C	75€	VIDAL (Juan Lorenzo González.Avda. Dr. Tourón nº 28, baixo. CP.:36600 Vilagarcía.NIF.: 35258170K

CEIP A ESCARDIA CIF.:Q8655503D	75€	VIDAL (Juan Lorenzo González. Avda. Dr. Tourón, nº 28, baixo.CP.: 36600.NIF.: 35258170K
CEIP RUBIÁNS CIF.:Q8655461E	75€	VIDAL (Juan Lorenzo González. Avda. Dr. Tourón nº 28, baixo. CP.:36600 Vilagarcía.NIF.: 35258170K
CEIP A LOMBA CIF.:Q8655181I	75€	METRÓPOLIS CÓMIC (Avda. Juan Carlos I nº 23, Vilagarcía (CP.: 36600. CIF.: B70605464. N° Conta: ES27 2080 0221 3630 4005 7466
CEIP- ANEXO A LOMBA CIF.: Q8655181I	75€	METRÓPOLIS CÓMIC(Avda. Juan Carlos I nº 23, Vilagarcía (CP.: 36600. CIF.: B70605464 N° Conta: ES27 2080 0221 3630 4005 7466
CEIP ROSALÍA DE CASTRO CIF.: Q8655318G	75€	METRÓPOLIS CÓMIC (Avda. Juan Carlos I nº 23, Vilagarcía (CP.: 36600. CIF.: B70605464 N° Conta: ES27 2080 0221 3630 4005 7466

2º O pago da cantidade acordada en concepto do premio aos centros educativos elixidos polo xurado e segundo o informe do responsable das RRSS do concello que contabilizou os votos do premio popular.

Pago mediante transferencia aos seguintes centros e das seguintes cantidades:

- 300 euros con cargo á partida 2314-48100, en concepto de PRIMEIRO PREMIO:

CEIP Rosalía de Castro. Rúa Colexio, 16. 36610 Carril

-200 euros con cargo á partida 2314-48100, en concepto de SEGUNDO PREMIO:

EEl de Aralde (Sobrán) con enderezo en Rúa Aralde, 36 e CP.: 36611

-100 euros con cargo á partida 2314-48100, en concepto de TERCEIRO PREMIO:

Colexio Mecos (Bata). Rúa Almirante Fontán, nº 11.CP.: 36611 Vilaxoán

-150 euros con cargo á partida 2314-48100, en concepto de PREMIO POPULAR:

CEIP O Piñeiríño. Adolfo Pedrido Morla, 1. CP.:36611

3º Solicitud de reintegro á partida de Xuventude dos seguintes sobrantes:

Na aplicación presupostaria (2314-22624), con cargo ao exercicio 2023, solicítase o reintegro de 580€ (ive engadido) polos trasladados en bus.

Na aplicación presupostaria (2314-48100), con cargo ao exercicio 2023, solicítase o reintegro de 225€ (ive engadido) polo sobrante no aptdo. de premios do concurso.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/0208

Dáse conta do escrito remitido por Augas de Galicia no que comunica que á vista tanto dos informes de seguimento da situación da seca, que reflicten a mellora dos indicadores de seca prolongada, como da predición meteorolóxica, resolver desactivar o escedario de seca prolongada en todas as Unidades Territoriais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0209

Dáse conta da proposta da Concellería de Medio Ambiente en relación coa subvención na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente:

O 17.01.2023 tivo entrada neste Concello contestación da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda á solicitude realizada polo Departamento de medio ambiente en relación coa posibilidade da execución e xustificación do importe correspondente á anualidade 2022 na anualidade 2023 da subvención concedida ao abeiro da Orde do 10 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas

Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A) para o proxecto .mellora de espazos degradados, conservación de hábitats e eliminación de especies invasoras..

No mencionado escrito de 17.01.2023 comunícase que o directora xeral de Patrimonio Natural, por delegación da conselleira de Medio Ambiente, resolveu MODIFICAR a resolución de 2 de decembro de 2022 pola que se acordaba a concesión das axudas en réxime de concorrencia competitiva aos CONCELLOS acordando o reaxuste de anualidades ás que se imputa o pagamento das axudas concedidas, para ser executado e xustificado polo importe total da subvención na anualidade 2023. Comunícase tamén que se manteñen inalterables o demais termos da resolución do 2 de decembro de 2022, da que se deu conta á XGL con data 26.12.2022.

	IMPORTE CONCEDIDO	ACHEGA MUNICIPAL (IVE)	TOTAL PROXECTO
ORZAMENTO PROXECTO	99.500€	20.895€	120.365€.
EXECUCIÓN E PAGAMENTO	Ata o 31 de outubro de 2023		
XUSTIFICACIÓN	Ata o 1 de novembro de 2023		

Por todo isto a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aceptación da nova resolución de 13.01.2023 que modifica a resolución de concesión das axudas na área de influencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas en canto ao reaxuste da xustificación de anualidades posibilitando a execución e xustificación do importe total da subvención na anualidade 2023.
- 2.- Dar conta dos termos da nova resolución ao Departamento de Intervención. Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada.

PRP2023/0245

Dáse conta do escrito da Consellería de Medio Rural polo que se comunica a situación de risco en relación á influenza aviaria en aves e polo que se solicita a colaboración para a difusión da información entre a veciñanza do Concello. A xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0250

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Multiservicios Contucho, S.L. para a retirada, aluguer de contedor e xestión puntual do colector de cerámicos que vai comezar encher no punto limpo, cun prezo de 60,00€/t(ive non engadido), do que se estima un gasto total para o colector de 508,20€(ive engadido) con cargo á partida 1621-22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/0251

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa Multiservicios Contucho, S.L., a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 140 €/t (IVE non incluído), resultando un importe total estimado de 1.355,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 164-22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2023/0277

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Medio Ambiente:

Dáse conta da publicación no DOG número 247 do día 29 de decembro de 2022 da Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada gasto , subvencións para a execución de proxectos ao amparo da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións segundo a estratexia en desenvolvemento local participativo) da medida LEADER do programa en desenvolvemento rural de Galicia 2014-2022 para as anualidades do 2023 e 2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Código de procedemento MR701 D).

O artigo 3.1.b establece que poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións as entidades publicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades , consorcios e entidades dependentes das anteriores.

De acordo co artigo 2.1 da Resolución poderán ser subvencionables os proxectos que teñan encadramento na estratexia do desenvolvemento local de cada GDR de xeito que respondan as prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia, sempre e cando cumpran as condicións de subvencionalidade...

Sendo de aplicación o seguinte: terán a consideración de proxectos non produtivos os que teñan en conta un interese público ou colectivo e non supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

De acordo co artigo 2.2 os proxectos terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estas localizados nun ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR
- b) Ser viables técnica, e financeiramente para os proxectos de natureza non produtiva (sería o noso caso).
- c) Non estar iniciados na data de presentación da solicitude da axuda. Para estes efectos se considera como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción o ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible ... e con todo a compra de terreos e traballos preparatorios como obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade , non terán consideración de inicio de traballos.

No artigo 4.3 fixa o prazo der presentación desta convocatoria de axudas ata 31 de Xaneiro. 2023.

No punto i do artigo 5 recolle como documentación acreditativa da no suxeción ou exención do IVA , de xeito que se constate que é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.

No artigo 12.1 0 recolle a data limite para executar e xustificar as inversións vinculadas aos proxectos subvencionados será a que estableza cada unha das resolucións de concesións de axuda no marco do calendario xeral previsto no artigo 34 das bases reguladoras ...

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda aprobar:

A solicitude da mencionada subvención por unha cantidade de 20.000€ para a realización dun circuíto de PUMP TRACK na Rúa Bubela 38- A Coca

CULTURA

PRP2023/0249

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023 (Liña 2: amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...) para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2023”, por un importe de 34.000,00€ (IVE incluído).
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 45.096,70€ (IVE incluído) cunha aportación por parte do Concello de 11.096,70€

PRP2023/0254

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e fichas de inscrición para a celebración do Entroido 2023, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas, o martes día 21 de febreiro, e co establecemento dos premios e gastos que figuran nas mesmas, por un importe total de 6.800,00 €, con cargo á partida 334.48100:

CATEGORÍA INFANTIL (Ata 13 anos)	
INDIVIDUAL INFANTIL	
1º PREMIO	100,00€
2º PREMIO	75,00€
3º PREMIO	50,00€
PARELLA INFANTIL	
1º PREMIO	150,00€
2º PREMIO	100,00€
3º PREMIO	75,00€
CATEGORÍA ADULTO (A partir de 14 anos)	
INDIVIDUAL ADULTO	
1º PREMIO	100,00€
2º PREMIO	75,00€
3º PREMIO	50,00€
PARELLA ADULTO	
1º PREMIO	150,00€
2º PREMIO	100,00€
3º PREMIO	75,00€
CATEGORÍA COMPARSAS	
GRUPO DE 3 ATA 20 PERSOAS	
1º PREMIO	800,00€
2º PREMIO	500,00€
3º PREMIO	300,00€
GRUPO MÁIS DE 20 PERSOAS	
1º PREMIO	1.300,00€
2º PREMIO	800,00€

3º PREMIO	500,00€
PREMIO Á MELLOR CARROZA	
PREMIO	500€
PREMIO Á MELLOR ANIMACIÓN	
PREMIO	500€
ACCÉSIT CHOQUEIRO	
PREMIO	500€

Só se poderá acadar un premio por participante ou grupo no Desfile-Concurso.

CONTRATACIÓN

PRP2023/0217

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos para aprobación do proxecto de Urbanización da rúa Ameixeiras:

Por acordo da Xunta de Goberno de 24 xaneiro de 2022 aprobouse proxecto técnico denominado "Urbanización da rúa Ameixeiras", redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe (IVE engadido) de 72.442,87 €

Con motivo do prazo transcorrido dende a aprobación do proxecto e o aumento que se ten producido nos materiais de construción e preciso actualizar os prezos do proxecto que ten por obxecto a urbanización da rúa Ameixeiras, vial que soporta un tráfico intenso e carece de beirarrúas polo que resulta perigoso para os peóns. O tránsito de peóns é tamén importante debido a que as liñas máis frecuentes de autobuses circulan pola avenida de Cambados e tamén pola existencia dun centro escola de ensinanza secundaria e bacharelato.

Tamén se actuará na fronte dunha parcela, ocupando a superficie cedida no seu día ao concello, coa finalidade de mellorar significativamente as condicións de accesibilidade e seguridade para os peóns.

Prevese a construción de beirarrúas con prazas de aparcamento lineal, instalando alumeado público, soterrando as liñas aéreas de electricidade e mellorando as instalacións urbanas, o que redundará en beneficios de tódolos veciños da zona e das persoas que utilizan esa rúa.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

De acordo co que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Urbanización da rúa Ameixeiras", redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe (IVE engadido) de 75.798,64 €.
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 39.109,21€, para financiar o investimento "Urbanización da rúa Ameixeiras"

PRP2023/0235

Por Resolución de Alcaldía ditada con data 23 de decembro de 2022 foi aprobado o proxecto técnico "Humanización da Rúa Aduana de Carril", redactado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación de 466.719,28 € (sen IVE), 564.730,33 € (IVE incluído).

Con data 23 de decembro de 2022, a través da Plataforma indicada na convocatoria, remítese solicitude de subvención para o financiamento do proxecto "Humanización da Rúa Aduana de Carril" á Federación Española de Municipios e Provincias, de conformidade coas bases

reguladoras das Axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Visto o requirimento recibido o 18 de xaneiro 2023 da Federación Española de Municipios e Provincias no que se indica, de forma literal: “CERT.9 APROBACIÓN PROXECTO E COMPROMISOS. Solicítase corrección do certificado dado que non se aproba a totalidade do proxecto, tan só o documento técnico (...)”.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Anexo descritivo das actuacións propostas no proxecto de “Humanización de Rúa Aduana de Carril”, de acordo co o indicado no requirimento recibido da FEMP, a efectos de corrección da solicitude de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para o proxecto de referencia.

PRP2023/0252

Recentemente realizáronse obras na Rúa Dr. Tourón, consistentes na mellora da accesibilidade e seguridade dos peóns, para o que se ampliou (ensanche) a beirarrúa leste da citada Rúa.

Coa finalidade de que os cidadáns poidan descansar nos seus percorridos pola citada rúa, considerouse necesaria a adquisición de 8 bancos de madeira para instalar, en distintas ubicacións da rúa, xa que, actualmente non hai bancos na mesma.

O obxecto do contrato non se está a fraccionar para evitar as normas de publicidade contempladas na Lei de Contratos do Sector Público, xa que unicamente se precisan 8 bancos para a dita rúa, que sen que sexa necesario, actualmente, a adquisición de bancos para outros lugares.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO e COLOCACIÓN DE 8 BANCOS PARA A RÚA DOUTOR TOURÓN” á empresa TARRIO Y SUAREZ, SL (NIF: B15090061), por importe de 5.559,96 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.167,60 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 6.727,56 €, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 1530.635.

PRP2023/0255

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2022, adxudicouse á empresa NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., o contrato de obras denominado “Mellora de camiño na rúa Maceiras”, cofinanciadas pola Consellería de Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022/2023; por un importe de 45.428,81€ ó que lle corresponde un IVE (21%) de 9.540,05€ o que totaliza un importe (IVE engadido) de 54.968,86€.

O contrato administrativo foi asinado con data 10 de novembro de 2022, cun prazo de execución da obra de 2 meses contados a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de reopranteo que foi asinada o 24 de novembro de 2022.

Con data 23 de xaneiro de 2023 (registro WEB2023000446), don Alfredo Ordóñez Rey, en representación da empresa adxudicataria NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., solicita ampliación de prazo de execución por 30 días, ata o 24 de febreiro de 2023, motivado en que “la obra en cuestión se encuentra ejecutada al 40%, pero dichos trabajos fueron paralizados por las continuas inclemencias meteorológicas que impiden ejecutarla favorablemente”.

O 25 de xaneiro de 2023, o enxeñeiro director da obra, don Óscar Álvarez González emite

informe favorable a ampliación de prazo solicitada, facendo constar que considera suficiente unha ampliación do prazo de execución nun mes, e dicir, ata o 24 de febreiro de 2023.

Dáse conta de informe xurídico no que se indica:

A cláusula 5.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato indica que “O prazo contractual prorrogarase unicamente cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.”

O artigo 193.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. Así mesmo o art. 195.2 do mesmo texto legal indica que se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos si se lle amplía o citado prazo de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista diga un prazo menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

O artigo 100.2 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, literalmente di: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días desde aquel en o que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, para os efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se reaxuste o prazo prorrogado ao tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista se formulara no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes ao de finalización do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela”.

A solicitude de ampliación do prazo de execución preséntase no rexistro electrónico deste Concello o día anterior ao remate do prazo de execución, emitíndose o informe favorable á prórroga con data 25 de xaneiro 2023. No citado informe técnico consta que as causas que motivan a solicitude de ampliación do prazo de execución foron as condicións meteorolóxicas moi adversas no mes de decembro; polo que é unha causa allea ao contratista.

De acordo coa data de presentación da solicitude de ampliación do prazo de execución, polo que non é posible a súa resolución nos prazos establecidos polo lexislación contractual.

O investimento atópase cofinanciado con cargo ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022/2023 da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que obriga a ter executadas as obras o 30 de maio de 2023, polo que a autorización da ampliación do prazo de execución cumpriría coa esixencia das bases reguladoras do citado Plan.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, de 25 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a ampliación do prazo de execución do contrato solicitada, ata o 24 de febreiro de 2023.

PRP2023/0256

En Vilagarcía, cada vez son máis os cidadáns que utilizan a bicicleta. O Concello, na súa estratexia de mobilidade urbana, está a promover o seu uso como medio de transporte sostible.

Co fin de fomentar o seu uso polos estudantes e cidadáns, faise necesario facilitarlles uns aparcamentos para as súas bicicletas nos espazos escolares o que evitará o seu aparcamento

indebido.

Os lugares previstos para a súa instalación son os seguintes centros escolares, previa autorización dos mesmos:

CEIP DE AREALONGA

CEIP A LOMBA

CEIP A ESCARDIA

IES CASTRO ALOBRE

IES MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro con instalación de “DE 10 APARCABICICLETAS PARA CENTROS ESCOLARES”, á empresa TARRÍO Y SUÁREZ, S.L (N.I.F. B15090061) por importe de 2.867,71 euros IVE engadido con cargo á partida 320.48900.

PRP2023/0278

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Servizos Sociais:

Os principais hándicaps das prazas de abastos é que non souberon acoller e implicar ao sector máis novo da sociedade. Para conseguir ese necesario cambio de tendencia, adaptándose aos novos usos e costumes dunha sociedade que non é a de hai décadas, ademais de mellorar as instalacións e edificios, debemos sinalizar correctamente a localización destes edificios de interese turístico; crear un espazo atractivo para todos, especialmente para o sector máis novo da poboación; incrementar as actividades lúdicas e gastronómicas, explotando así a vertente turística da praza e o mercado; e mellorar, no posible, a contorna que rodea a estes centros de relación social e económica.

O proxecto que se pretende acometer no mercado de Vilaxoán desenvólvese a partir do mercado existente, partindo da idea de crear un espazo atractivo que evoque, en certa maneira, ao mar, dado que estamos nunha vila mariñeira e nas súas orixes centrábase na venda de mexillón, ameixa e distintos moluscos.

Búscase un espazo limpo con acabados sinxelos onde destaque a presenza do produto, sobre todo. A estética baséase en tres premisas: -uso de liñas curvas que lembren o ritmo das ondas, - cores do mar, predominando azuis e brancos, -uso de reixas metálicas que simulan as redes de pesca.

En canto á distribución mantense a estrutura dos postos laterais, elimínanse os que están encostados á fachada principal e reaxústanse a carnicería e a peixaría. Redistribúense os baños para mellorar a súa funcionalidade e dispoñer dun lavabo accesible. Ademais, con isto conséguese gañar espazo para dotar dun obradoiro ao posto de carnicería, movendo a frutería cara aos aseos, dotando a este último dunha cámara refrixeradora. Na zona superior dos postos perimetrais colócanse parte das instalacións dos postos. Para ocultalas colócase unha chapa deployé encartada e lacada en cor azul, similar ao da parede. A illa central modifícase, xerando dous espazos no centro: un con postos fixos para a venda de peixe e outro cunha zona polivalente e diáfana na que se poderán colocar diferentes postos móbiles dependendo das necesidades de cada momento.

A iluminación de todos os postos segue unha estética mariñeira. Os materiais utilizados para os acabados son sinxelos e limpos con tons brancos e grises na zona de venda. A zona superior da parede e o teito serán de cor azul, facendo referencia á cor do mar. No exterior expónse unicamente pequenas actuacións. Unha é pintar o mercado en cor branca e cambiar as portas, tanto por estética como por funcionalidade e a outra, colocar na esquina do edificio un cartel retroiluminado, deseñado especificamente para o mercado. Sempre se utilizan as cores acordes

ao deseño interior

A actuación prevista será cofinanciada polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020 actualmente integrado no PO Plurirregional de España do FEDER 2014-2020.

No que respecta ao encaixe nos obxectivos temáticos e estratéxicos da EDUSI, a presente proposta estaría enmarcada no Obxectivo Temático 9 (OT9) do POCS 2014-2020, en concreto no seu Obxectivo Específico 9.8.2 (OE 9.8.2) de Rexeneración física, económica e social da contorna urbana a través de Estratexias Urbanas Integradas prioridade de investimento 9b (apoio á rexeneración física, económica e social das comunidades desfavorecidos das zonas urbanas e rurais).

En concreto atoparíase cofinanciado con cargo a:

LÍÑA DE ACTUACIÓN: (VLG_LA27_MERCATRAD) RECUPERACIÓN DOS MERCADOS TRADICIONAIS
OPERACIÓN: RECUPERACIÓN DOS MERCADOS TRADICIONAIS
ESTRATEGIA: ESTRATEGIA "VILAGARCÍA AVANZA". VILAGARCÍA DE AROUSA.

Co fin de acometer as actuacións sinaladas, polo estudo Promove Arquitectura redactouse o proxecto técnico denominado "Reforma do mercado de Vilaxoán", cuxo orzamento se desagrega da seguinte forma, e que conta co informe de supervisión favorable de data 7 de marzo de 2022 suscrito polo arquitecto municipal:

Sen IVE	IVe (21%)	Total (IVE inc.)
174.237,51€	36.589,88€	210.827,39€

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

De acordo co que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Reforma do mercado de Vilaxoán", redactado por Promove Arquitectura cuxo orzamento se eleva a 174.237,51€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 36.589,88€ totalizando un orzamento de execución por contrata de 210.827,39€.
2. Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 117.532,36€ para financiar o investimento "Reforma do mercado de Vilaxoán".

PRP2023/0279

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos:

Polo arquitecto don Iago Martínez Puentes se ha redactado proxecto denominado "Reparación de estrutura, substitución de cubiertas, mejora de envolvente y acondicionamiento interior del pabellón deportivo de Fontecarmoa".

El proxecto define las obras necesarias para la reforma y acondicionamiento del pabellón polideportivo de Fontecarmoa y comprende la reparación de su estructura, substitución de cubiertas, reforma de toda la envolvente para mejoras de las condiciones térmicas, acondicionamiento interior, reforma de la instalación eléctrica, implantación de un sistema de ventilación y climatización e instalacións de placas fotovoltaicas.

El citado proxecto ha sido supervisado favorablemente por el arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, con fecha 27 de enero de 2023

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, nas que se financian este tipo de actuacións, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Reparación de estructura, substitución de cubiertas, mejora de envolvente y acondicionamiento interior del pabellón deportivo de Fontecarmoa", redactado polo arquitecto Iago Fernández Puentes, por importe (IVE engadido) de 2.129.842,80

€.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 425.405,17€, para financiar o investimento “Reparación de estrutura, sustitución de cubiertas, mejora de envolvente y acondicionamiento interior del pabellón deportivo de Fontecarmoa”

PRP2023/0280

Dáse conta da seguinte proposta do Delegado de Obras, Alumeado público e Relacións Veciñais, para solicitude de subvención para a obra denominada "Reforma de Instalacións, pavimentos e elementos construtivos do Cemiterio de Rubiáns", con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023:

Con data 18 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto refundido da obra "REFORMA EN INSTALACIONES E PAVIMENTOS E REHABILITACION DE ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DO CEMITERIO DE RUBIANS", redactado polo arquitecto don Mario Vázquez Iglesias, por importe de 266.200,00€ (IVE engadido).

As actuacións recollidas no proxecto de referencia teñen por obxecto acometer unha reforma global de reforma do camposanto, mediante a mellora dos recorridos e da pavimentación da zonas máis antiga do cemiterio, e do tránsito en xeral, así como consolidar o pavimento de todo o cemiterio e engadir un novo sistema de canalización de augas pluviais; compatibilizando todas estas intervención cunha futura ampliación do cemiterio.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

De conformidade co que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade de 27.815,16€ para financiar o investimento “Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do Cemiterio de Rubiáns”.

PRP2023/0281

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Obras, Alumeado público e Relacións Veciñais para aprobación do proxecto "Rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo":

Polo enxeñeiro don Miguel Ángel Fariñas Martín, redactouse proxecto técnico denominado “Rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”.

No documento técnico proxéctase a colocación de tubaxes de impulsión de augas residuais independentes para cada vivenda, de PEAD Ø 63 mm. PN 10, dende a arqueta situada na rúa pública no límite da propiedade ata a conexión coa rede de saneamento xeral mediante pozo de rexistro.

A súa vez, proxéctase ramal para rede de abastecemento dende a rúa Souto con tubaxe de PVC Ø 63 mm. Coas súas respectivas arquetas situadas no límite da propiedade,

Todas estas actuación teñen coma obxectivo solventar os problemas de saneamento e abastecemento na rúa Rianxeiro en Cornazo.

Consta no expediente informe favorable de supervisión emitido polo arquitecto municipal con data 27 de xaneiro de 2023.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, nas que se financian este tipo de actuacións, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Rede de saneamento e de abastecemento en rúa

Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”, redactado polo enxeñeiro don Miguel Ángel Fariñas Martín, por importe (IVE engadido) de 29.242,52€.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 29.242,52€, para financiar o investimento “Rede de saneamento e de abastecemento en rúa Rianxeiro-Souto de Abaixo en Cornazo”

PRP2023/0284

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a memoria denominada "Peonalización e Humanización da Rúa Esperanza".
2. Solicitar subvención para a redacción de proxectos para recuperación de espazos públicos e creación de senda peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, para o investimento "Peonalización e Humanización da Rúa Esperanza", por importe de 14.950,00 € (+IVE) ao abeiro das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 96, do 20 de maio de 2022 e acordo de aprobación de apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 240, do 19 de decembro de 2022.

PRP2023/0285

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a memoria denominada "Peonalización e Humanización da Rúa Vicente Risco nun tramo da Praza de España".
2. Solicitar subvención para a redacción de proxectos para recuperación de espazos públicos e creación de senda peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, para o investimento "Peonalización e Humanización da Rúa Vicente Risco nun tramo da Praza de España", por importe de 14.950,00 € (+IVE) ao abeiro das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 96, do 20 de maio de 2022 e acordo de aprobación de apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 240, do 19 de decembro de 2022.

PRP2023/0286

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a memoria denominada "Humanización Rúa Bouza de Abaixo (Vilaxoán)".
2. Solicitar subvención para a redacción de proxectos para recuperación de espazos públicos e creación de senda peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, para o investimento "Humanización Rúa Bouza de Abaixo (Vilaxoán)", por importe de 14.950,00 € (+IVE) ao abeiro das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 96, do 20 de maio de 2022 e acordo de aprobación de apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 240, do 19 de decembro de 2022.

PRP2023/0313

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos para aprobación do proxecto "Mellora de Accesibilidade ao Centro de Formación de Matosinhos":

Pola arquitecto dona Carolina Couselo Fariña, redactouse proxecto técnico denominado “Mellora de accesibiliade ao Centro de Formación de Matosinhos”, cun orzamento de 255.614,80€.

A actuación consiste na execución dunha rampa accesible na zona verde do parking situado na Avda. de Matosinhos, dende a Avenida Doutor Tourón ata o acceso ao Centro de formación de

Matosinhos e a pavimentación do citado acceso.

Preténdese dende o concello lograr un estándar de urbanización adecuado no entorno do Centro de Formación de Matosinhos, en condicións de accesibilidade e contribuíndo á mellora da calidade de ambiental do conxunto da vila.

O citado proxecto foi supervisado favorablemente polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, nas que se financian este tipo de actuacións, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Mellora de accesibiliade ao Centro de Formación de Matosinhos", redactado pola arquitecta Carolina Couselo Fariña, por importe (IVE engadido) de 255.614,80 €.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 174.014,80€, para financiar o investimento "Mellora de accesibiliade ao Centro de Formación de Matosinhos".

PRP2023/0316

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos para a aprobacion do proxecto "Ampliación da rede de saneamento en Tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)":

Polo arquitecto don Miguel Ángel Fariñas Martín redactouse proxecto denominado "Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)", cun orzamento de 23.945,83€

O proxecto define as obras necesarias para dotar de rede de saneamento a un tramo da rúa Loureiro da Galufa en Cornazo, que carecía deste servizo básico. Proxectanse tubaxes de impulsión de saneamento independentes por vivenda dende a arqueta situada na vía pública.

El citado proxecto ha sido supervisado favorablemente por el arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, nas que se financian este tipo de actuacións, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)", redactado polo arquitecto Iago Fernández Puentes, por importe (IVE engadido) de 23.945,83 €.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 19.653,89€, para financiar o investimento "Ampliación da rede de saneamento en tramo da rúa Loureiro da Galufa (Cornazo)"

PRP2023/0320

Dáse conta da seguinte proposta de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos para a aprobación do proxecto de urbanización da rúa Ameixeiras:

Polo arquitecto don Iago Fernández Puentes redactouse proxecto denominado "Mellora e acondicionamiento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira", cun orzamento de execución por contrata de 159.999,99€ (IVE engadido).

As actuacións que se pretenden realizar para mellorar os accesos en Trabanca-Sardiñeira, consistentes na mellora e ampliación dun itinerario peonil e a consolidación de talud en precario existente mediante un graderío con estrutura permeable de gaviones para salvar o desnivel e servir de zoa de estancia e de acceso á urbanización dende a saída do tunel baixo a vía férrea.

Coa intención de:

- Mellorar a accesibilidade
- Consolidación do talud existente
- Incorporación de espazos de estancia soleados no propio talud.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

De acordo co que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora e acondicionamiento de acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira”, redactado polo arquitecto, don Iago Fernández Puentes, por importe (IVE engadido) de 159.999,99 €.
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, a cantidade 159.999,59€, para financiar o investimento “Urbanización da rúa Ameixeiras”

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.